



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia: Historia dos países do primeiro idioma

Materia	Historia: Historia dos países do primeiro idioma			
Código	V01G181V01106			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Seijas Montero, Maria			
Profesorado	Seijas Montero, Maria			
Correo-e	mseijas16@gmail.com			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Materia de formación básica común aos graos en Linguas Estranxeiras e Filoloxía Aplicada Galega e Española. Preténdese que o estudantado coñeza os acontecementos do pasado humano e dos procesos xerais de cambio e continuidade da humanidade nunha perspectiva diacrónica, desde a Idade Media ata os nosos días, nas súas vertentes política, económica, social e cultural, prestando unha especial atención á Península Ibérica, Reino Unido e os Estados Unidos de América.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan acceder ao estudantado ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
B6	Capacidade de apreciar outras culturas e competencia para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organízalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
B10	Capacidade para desenvolver un proceso de comunicación sólido, responsable e ético.
C7	Habilidade para participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
C12	Habilidade para utilizar de forma competente as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
- Coñecemento dos períodos máis importantes da historia política dos países do primeiro idioma.	A1 A2	B5 B6	C7	D1
- Coñecemento dos períodos máis importantes da historia económica dos países do primeiro idioma.	A1 A2	B5 B6	C7	D1
- Coñecemento das principais características da historia social dos países do primeiro idioma.	A1 A2	B5 B6	C7	D1
-Coñecemento das principais características da historia cultural dos países do primeiro idioma.	A1 A2	B5 B6	C7	D1
- Capacidade para comprender adecuadamente as claves interpretativas da evolución histórica dos países do primeiro idioma.	A4 A5	B2 B8 B9 B10	C7 C12	D1
- Capacidade para recoñecer as achegas dos países do primeiro idioma á historia universal.	A4 A5	B2 B8 B9 B10	C7 C12	D1
- Habilidade para recoñecer a evolución diferenciada dos diferentes países do primeiro idioma.	A4 A5	B2 B8 B9 B10	C7 C12	D1

Contidos

Tema	
1. As Illas Británicas e os Estados Unidos de América	1.1. Inglaterra na época medieval. 1.2. Gran Bretaña no período moderno. 1.3. A emancipación das colonias inglesas de América do Norte. 1.4. Gran Bretaña contemporánea. 1.5. Os Estados Unidos de América desde o século XIX ata a actualidade.
2. A Península Ibérica	2.1. O medievo peninsular. 2.2. Os séculos modernos na península ibérica. 2.3. A Idade Contemporánea na península ibérica 2.4. A apertura exterior dos pobos peninsulares.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	23	14	37
Prácticas con apoio das TIC	1	0	1
Resolución de problemas	21	4	25
Seminario	2	1	3
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	24	25
Exame de preguntas obxectivas	1	31	32
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	24	25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o estudantado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo. As exposicións serán completadas coa indicación dos manuais cos que o estudantado deberá traballar aqueles aspectos non cubertos nas sesións maxistras.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos nun contexto determinado e de adquisición de habilidades básicas e procedementais en relación coa materia, a través das TIC.
Resolución de problemas	Resolución de exercicios, individualmente ou en grupo, baixo a dirección da profesora.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Lección maxistral	A atención personalizada realízase no contexto da aula, no despacho presencial e virtual da docente, solicitando cita previa, e a través do correo electrónico. Preténdese dar resposta ás dúbidas que se lles vaian presentando en relación co estudo e comprensión da materia.
Resolución de problemas	A atención personalizada realízase no contexto da aula, no despacho presencial e virtual da docente, solicitando cita previa, e a través do correo electrónico. Preténdese dar resposta ás dúbidas que se lles vaian presentando en relación co estudo e comprensión da materia.
Prácticas con apoio das TIC	A atención personalizada realízase no contexto da aula, no despacho presencial e virtual da docente, solicitando cita previa, e a través do correo electrónico. Preténdese dar resposta ás dúbidas que se lles vaian presentando en relación co estudo e comprensión da materia.
Seminario	A atención personalizada realízase no contexto da aula, no despacho presencial e virtual da docente, solicitando cita previa, e a través do correo electrónico. Preténdese dar resposta ás dúbidas que se lles vaian presentando en relación co estudo e comprensión da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas de desenvolvemento	Contestar a unha serie de cuestións e preguntas relacionadas coa parte do temario impartida a través de clases teóricas ou sesións maxistras, así como unha proba ou probas prácticas.	30	A2 A4 A5	B9 B10	C12	
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). O estudantado selecciona unha resposta entre un número limitado de posibilidades	10	A1		C12	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formulación de problemas que o estudantado debe resolver na clase relacionados coa parte do temario impartido nas clases teóricas.	30	A1 A5	B2 B5 B6 B8	C7 C12	D1
Exame de preguntas de desenvolvemento	Contestar a unha serie de cuestións e preguntas relacionadas coa parte do temario impartida a través de clases teóricas ou sesións maxistras, así como unha proba ou probas prácticas.	30	A2 A4 A5	B9 B10	C12	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Primeira edición de actas (decembro-xaneiro):

O estudantado debe escoller a principio de curso o sistema de avaliación continua ou o sistema de avaliación global. Recoméndase, en todo caso, o primeiro. Para non perder a avaliación continua será necesario realizar, como mínimo, tres dos exercicios indicados pola profesora nas aulas prácticas.

O estudantado que siga o sistema de **avaliación continua** deberá notificalo nas catro primeiras semanas de clase. Realizará dous exames obrigatorios. O primeiro na segunda semana de novembro, no que a cualificación supoñerá o 30% da nota final. O segundo, ao final de cuadrimestre, na data establecida no calendario oficial de exames da FFT (dispoñible en: <http://fft.uvigo.es/es/docencia/examenes/>), no que a cualificación supoñerá o 30% da nota final. Esta proba consiste no desenvolvemento dun tema e contestar varias preguntas teóricas e prácticas relacionadas co temario. Ademais, o 30% da nota final obterase coa resolución de exercicios relacionados con algúns temas que se realizarán nas aulas prácticas. O estudantado deberá realizar tamén dous cuestionarios nas aulas prácticas, un á metade do cuadrimestre e outro na última sesión, cun valor cada un de 0,5 puntos sobre a cualificación final (10% da nota final). No cuestionario cada dous erros, incluíndo as non contestadas, restarase un acerto.

O estudantado que non siga o sistema de avaliación continua terá **avaliación global** mediante un exame obrigatorio, na data oficial establecida no calendario de exames da FFT (dispoñible en: <http://fft.uvigo.es/es/docencia/examenes/>). O exame constará dunha parte teórica e doutra práctica. A parte teórica, que representa o 60% da cualificación, versará sobre contidos do programa da materia. A parte práctica, que representará o 40% da cualificación, versará sobre aspectos prácticos da materia que foron traballados durante o curso.

Na segunda edición de actas (xuño):

(A) O estudantado de **avaliación continua** que obtivo nos traballos prácticos unha cualificación de polo menos 5 sobre 10, non terá que volver presentalos. Deberá superar só un exame sobre a materia impartida nas clases teóricas, que coincidirá coa data establecida no calendario oficial de exames da FFT, no que a cualificación supoñerá o 60% da nota final. Esta proba consiste no desenvolvemento dun tema e contestar varias preguntas teóricas relacionadas co temario.

(B) O estudantado **que non consiga a nota mínima requirida** durante o curso nos traballos prácticos e o de **avaliación global** deberá realizar un exercicio escrito, que coincidirá coa data establecida no calendario oficial de exames da FFT. O exame constará dunha parte teórica e doutra práctica. A parte teórica, que representa o 60% da cualificación, versará sobre contidos do programa da materia. A parte práctica, que representará o 40% da cualificación, versará sobre aspectos prácticos da materia que foron traballados durante o curso.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

CLARAMUNT, S., et. al., **Historia de la Edad Media**, Ariel, 2014

FLORISTÁN, A., **Historia de España en la Edad Moderna**, Ariel, 2011

FLORISTÁN, A., **Historia Moderna Universal**, Ariel, 2015

FONTANA, J. e VILLARES, R. (dirs.), **Historia de España**, Crítica, 2007-2013

GUARDIA HERRERO, C. de la, **Historia de los Estados Unidos**, Silex, 2011

Bibliografía Complementaria

ÁLVAREZ PALENZUELA, V., **Historia de España en la Edad Media**, Ariel, 2011

DITCHBURN, S. M. e ANGUS MACKAY (eds.), **Atlas de Europa medieval**, Cátedra, 2011

GRANT, S.M., **Historia de los Estados Unidos de América**, Akal, 2014

LÓPEZ-DAVADILLO LARREA, J., **Atlas de historia contemporánea de España y Portugal**, Síntesis, 2004

MARTINEZ, M., GUTIÉRREZ, A. e DÍAZ, E., **Atlas histórico Edad Moderna**, Alhambra Universidad, 1986

TOWNSON, D., **Breve historia de Inglaterra**, Alianza Editorial, 2015

Recomendacións

Outros comentarios

-O estudantado de intercambio debe coñecer o idioma en que se imparte a materia (español) para poder seguila.

-En cada curso académico elixiranse algúns dos contidos mencionados no Paso 3, que serán analizados de forma máis detallada. As actividades organizaranse atendendo á diversidade do estudantado.

-É responsabilidade do estudantado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

-A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

-A copia ou plaxio nos traballos ou no exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ó estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

-Recoméndase o uso da bibliografía básica indicada pola profesora a disposición do estudantado nas bibliotecas da Universidade de Vigo.

-No momento en que se entregan os exames, o estudantado só terá ao seu alcance o material autorizado para realizala. En consecuencia, queda prohibido tanto usar como ter calquera tipo de material de consulta ou axuda, así como de dispositivos electrónicos con capacidade de comunicación e/o de almacenamento de datos, que deberán permanecer apagados e fóra do alcance e da vista do/a estudante ata a saída do lugar do exame.